



**CIRCULAR: 21/2023, INFORMACIÓN DA III PROBA DA COPA XUNTA DE GALICIA DE MARCHA NÓRDICA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO E OPEN DE MARCHA NÓRDICA PEREIRO DE AGUIAR, 11 DE XUÑO DE 2023.**

Poñémonos en contacto con vos para informaros III Proba da Copa Xunta de Galicia de Marcha Nórdica da Federación Galega de Montañismo e Open de Marcha Nórdica O Pereiro de Aguiar, que terá lugar o 11 de xuño de 2023.

LUGAR: Monte da Chaira. Pereiro de Aguiar

DATA: 11/06/2023

INSCRICIÓN: ata o 8/6/23 ás 14 horas. Faranse por medio do seguinte [FORMULARIO \(CLICKA AQUÍ\)](#)

ORGANIZA: Vogalía de Marcha Nórdica Asesou

COLABORACIÓN do Concello de Pereiro de Aguiar e da Federación Galega de Montañismo

LÍMITE DE PARTICIPANTES: 150 PERSOAS: A organización reservarase o dereito de cambiar o número de participantes se fose necesario. Se se dá o caso respectarase a orde de inscrición.

LUGAR DE SAÍDA E CHEGADA: Pavillón de Pereiro de Aguiar 42.339278, - 7.787174

**MÉTODO DE PAGO:**

-Todas as persoas participantes teñen que pagar primeiro o open/copa para logo poder achegar o comprobante de pago no formulario antedito de inscrición.

Número de conta: IBAN: ES62 2100 2182 0702 0044 2368

Beneficiario: Escola marcha nórdica ASESOU

Concepto: Inscrición Copa Nome completo: 15€ federados, ou

Concepto: Inscrición Open nome completo:

12€ federados

17€ non federados

**A TER EN CONTA:**

- Facer a inscrición implica que todas as persoas participantes asumen os riscos da práctica de marcha nórdica nunha proba deportiva.
- A organización, fará un seguro de día da Federación Galega de Montañismo para os/as deportistas que non posúan a licenza federativa e ten un seguro de responsabilidade civil, co cal estará exenta de indemnizar polos danos que poidan sufrir os/as participantes no desenvolvemento do open como de calqueira prexuízo da saúde derivado polo esforzo físico que se poida facer durante a proba. Achegar no formulario licenza federativa.



- Os participantes autorizan aos servizos médicos a facer todo o necesario para manter a saúde, evitar lesións ou agravamento por algunha que se poida producir ou polo esforzo físico.
- A organización non é responsable da desaparición de obxectos persoais, así como deterioración dos mesmos u o seu posible roubo ou extravío.

#### DESENVOLVEMENTO DO OPEN E COPA

Desenvolverase un open e unha copa de marcha nórdica nun circuíto polo roteiro polo Monte da Chaira, ao cal se dan varias voltas. Para o open (dúas voltas) son case 8 quilómetros e para a copa (catro voltas) case 13 km, transcorre.

A saída e a chegada ao Pavillón de Pereiro de Aguiar.

#### PERCORRIDO DO OPEN E DA COPA:



Vigo, 2 de xuño de 2023

A presidenta

Josefina Maestu Almeida